

Bases



XXI premios
**manuel
beiras**

ao uso do galego na empresa



Cámara
Santiago de Compostela

O Concello de Santiago e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela convocan os Premios Manuel Beiras co obxectivo de achegar un recoñecemento público ao uso do galego no ámbito empresarial, como eido de gran relevancia no proceso de normalización do uso social da lingua galega. Con este recoñecemento pretenden contribuír á difusión das boas prácticas comunicativas en galego e poñer de manifesto as vantaxes de incorporar a nosa lingua para o sector socioeconómico.

Pola súa vez, coa denominación destes premios, queren lembrar a figura do histórico comerciante compostelán Manuel Beiras García (1904-1996), destacado loitador da nosa cultura e da nosa lingua que foi membro das dúas institucións organizadoras.

A convocatoria, de carácter anual, rexerese polas seguintes bases.

1. O Premio Manuel Beiras poderá outorgarse cada ano ás empresas que o xurado considere merecentes dun recoñecemento público polo uso do galego na súa actividade, na categoría en que corresponda, por canto supoña un maior prestixiamento da lingua, a súa introdución en ámbitos en que aínda conta con escasa presenza, un exemplo de compromiso público, de calidade ou de boas prácticas neste eido ou calquera outro mérito que consideren destacable para contribuír ao proceso da normalización social do uso do galego.

2. O Premio Manuel Beiras ten carácter de distinción pública, sen que leve engadida ningunha dotación económica para as empresas premiadas. Materializarase nun elemento simbólico que se entregará ás persoas representantes das empresas premiadas nun acto público.

3. O xurado poderá outorgar cadanseu premio nas categorías seguintes:

Empresa cun uso continuado da lingua galega

Poderán optar a esta categoría as empresas que empreguen o galego de xeito habitual na súa comunicación desde, cando menos, cinco anos atrás. O xurado avaliará as súas diferentes formas de comunicación -orais e escritas, internas e externas, formais e informais, presenciais e virtuais- para analizar se son percibidas globalmente como empresas que funcionan en galego e reúnen méritos para seren premiadas.

Empresa de nova incorporación ao uso da lingua galega

Entenderanse integradas nesta categoría as empresas que comezaron a empregar o galego na súa comunicación nos últimos cinco anos, ben porque foron creadas nese período ben porque mudaron as súas políticas lingüísticas cara ao emprego desta lingua dentro dese prazo. En todo caso, avaliarase se as candidatas empregan o galego nos diferentes tipos de comunicación que practican de cara a recoñecer a súa oferta global como empresas en galego.

Empresa innovadora no uso do galego

Con esta categoría, o xurado poderá recoñecer unha empresa que destaque pola innovación da súa comunicación en galego. Cabe considerar a liña comunicativa xeral da empresa ou un ámbito, soporte ou campaña concretos, tendo en conta na valoración a

orixinalidade, a introdución en novos ámbitos TIC, o impacto alcanzado ou calquera outro aspecto que o xurado entenda relevante na liña do anovamento ou da eficacia comunicativa.

4. Poden concorrer a este premio as empresas radicadas do concello de Santiago de Compostela, entendendo aquelas que teñen a súa sede social no municipio ou que realizan unha importante actividade nel.

5. As empresas poderán presentar directamente a súa candidatura ou seren propostas por calquera outra persoa ou entidade. En calquera dos dous casos, para manteren a condición de candidatas, deberán aceptala acceder a facilitar información ás entidades organizadoras para que o xurado poida avaliar a súa comunicación interna e externa.

6. O xurado estará formado por cadansúa persoa representante das seguintes entidades:

- Cámara de Comercio de Santiago de Compostela
- Concello de Santiago de Compostela
- Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
- Universidade de Santiago de Compostela
- Asociación en defensa da lingua, acordada de común acordo entre as institucións organizadoras
- Colexio de Xornalistas
- Asociación de Consumidores
- Cada unha das empresas premiadas na edición anterior.

A presidencia do xurado recaerá en anos alternos no Concello de Santiago e na Cámara de Comercio. As funcións de secretaria realizaraas unha persoa designada pola presidencia, que asistirá ás xuntanzas do xurado con voz e sen voto.

7. O xurado, que poderá incorporar outras propostas ás candidaturas que se lle formulen, emitirá a súa resolución de acordo cos obxectivos do premio e as características de cada unha das categorías previstas e poderá, se así o considera, deixar deserta calquera delas. A súa decisión será inapelable e recollerase nunha acta onde se farán constar os méritos principais que destaca para cada unha das empresas premiadas.

8. Os premios serán entregados publicamente e daráselles toda a difusión posible como parte do cumprimento dos obxectivos da convocatoria destes premios.

9. Co mesmo obxectivo dos premios, as empresas recoñecidas con eles deberán contribuír á súa divulgación e á dos motivos polos que lles foron outorgados e poderán amosar a distinción nos seus establecementos e tamén nos diferentes soportes comunicativos que empreguen.

10. A participación como empresa candidata aos premios implica aceptar estas bases en todos os seus termos que, en caso de dúbida, serán interpretadas de común acordo pola comisión de seguimento formada paritariamente por representantes das dúas institucións organizadoras.